UNIDADE 2: A ARTE BIZANTINA, PRERROMÁNICA E ISLÁMICA.
EXERCICIOS DE APOIO.

1.- Analiza formalmente o interior de Santa Sofía de Constantinopla a partir da seguinte imaxe:

2.- Identifica, na planta de San Vital de Rávena, as distintas partes do edificio:



3.- Identifica, na planta de San Pedro de la Nave, a forma e época á que pertence:



4.- Comenta, a partir da seguinte reprodución, as diversas partes dunha mesquita:



5.- Sitúa no contexto histórico que corresponde a seguinte obra:



6.- Identifica as obras que se che propoñen a continuación, situándoas no contexto histórico e identificando o estilo ao que pertencen:



a)

b)

c)



d)

e)

7.- Responde ás seguintes cuestións brevemente:
a) Como é a organización interna habitual dos patios dos pazos nazaríes?
b) Cal é o sistema de cubertas habitualmente empregado na arquitectura bizantina?
c) Como é a organización interna de San Miguel de Celanova?

SOLUCIÓNS:

1.- O interior de Santa Sofía de Constantinopla érguese sobre unha planta rectangular de tres naves na que destaca o espazo cadrado baixo a cúpula central. Neste lugar, apoiada sobre columnas de mármore rematadas con capiteis-cimacio, érguese unha tribuna cara ao norte. Sobre ella, un luneto perforado de vans amplía a altura do espazo central, sobre o que se sitúan catro pechinas nos extremos da base dunha cúpula de media laranxa directamente inspirada na do Panteón romano. Esta cúpula, con 31 m de diámetro, acada unha altura superior aos 50 m. A base da cúpula, con vans no tambor, e os vans do luneto, inundan de luz este espazo central da basílica que estaba reservado para as grandes cerimonias.

A base da construción é o ladrillo, aínda que recuberto por grandes placas de mármore que dan ostentosidade ao interior. A luz exterior, ao reflectirse nestas placas, confire ao templo unha riqueza excepcional.

2.- A planta centralizada de San Vital de Rávena está baseada nun octógono central abovedado, en torno ao cal se sitúa un deambulatorio (1) en dobre planta; a transición entre a bóveda central (2) e o deambulatorio faise mediante sete nichos (3) e un oitavo que dá ao presbiterio (4) cadrado e unha ábsida (5) sobresaínte, poligonal ao exterior; a cabeceira complétase con dúas pequenas torres rectangulares adosadas, seguidas de capelas circulares [**prótesis** (6) e **diakonikon** (7)], rematadas ao exterior mediante unha absidiola (8) rectangular. Na fachada occidental, o ingreso faise mediante un nártice (9) rectangular, oblicuo e tanxente nun dos vértices do octógono, o que permite introducir no interior dúas torretas circulares (10) –unha delas fai de campanile e a outra permite o ingreso ao xineceo; o nártice ábrese ao adro rectangular exterior.



3.- San Pedro de la Nave combina o modelo de planta basilical de tres naves co dunha cruz grega inscrita, completada inicialmente cun pórtico aos pés. O conxunto é un dos mellores exemplos da arquitectura visigótica do século VII.

4.- Este modelo de mesquita -en T- que observas pertence a Qayrawan (Túnez, s. IX); nel, a nave central do haram e outra pegada ao muro de qibla sobresaen exteriormente, formando un esquema de T. As súas partes son:



5.- O patio de Comares, un dos principais pazos nazaríes da Alhambra, edificouse no período do sultanato nazarí, entre os séculos XIII e XV, o último dos períodos artísticos da arte hispanoárabe.

6.- As obras que se citan son:

a) Mirador de Daraxa, no Pazo dos Leóns da Alhambra, construido a finais do século XIV, no período nazarí da arquitectura hispanoárabe.

b) San Miguel de la Escalada, basílica mozárabe do século X, asentada na meseta Norte, concretamente na provincia de León. Pertence á arte de repoboación que incorporou esquemas e influencias islámicas na arte realizada en territorios cristiáns recuperados ao islam.

c) San Fructuoso de Montelios, edificio do século VII, corresponde ao período álxido da arquitectura visigótica na península ibérica, unha vez que este pobo expandeu o seu dominio a costa da conquista do territorio suevo e renegou do arrianismo.

d) O mausoleo de Teodorico, de finais do século V, é o máis significativo edificio ostrogodo conservado en Rávena. Pertence á arte xermánica que se asentou, con fortes herdanzas romanas, nos territorios do imperio romano de Occidente á caída deste.

e) O mosaico de Xustiniano, no presbiterio de San Vital de Rávena, é unha obra plástica a xeito de retrato oficial propagandístico, lembranza do intento de reunificación imperial que levou a cabo Xustiniano I no século VI, conquistando territorios que pertenceran ao imperio romano de Occidente.

7.- A resposta ás preguntas propostas é:

a) Os patios nazaríes soen ter forma rectangular. Nos casos máis significativos (Comares e o dos Leóns) complétanse con acequia ou fonte de auga e vexetación. Deste xeito, estes espazos pequenos e axustados ás dimensións humanas complétanse coa auga e a vexetación como elementos complementarios.

b) O sistema de cubertas tradicionalmente empregado na arquitectura bizantina é o de cúpulas sobre pechinas, alixeirando o peso a través de semicúpulas que transportan boa parte dos elevados pesos cara a contrafortes e muros grosos no exterior dos edificios.

c) San Miguel de Celanova, oratorio de reducidas dimensións, distribúese en tres espazos comunicados que siguen un eixo e dan ao exterior tres volumes cúbicos netos: nave –cuberta con bóveda de canón-, cruceiro -de maior altura e cuberta con bóveda de aresta- e ábsida –precedida dunha entrada semellante á dun mihrab de mesquita, cuberta con cúpula octogonal-.